



ANUNCIO

O alcalde por resolución, ditada o día 4 de xullo de 2025, resolveu o seguinte:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Publicadas, no Boletín Oficial da Provincia do 26/06/2025, as bases da convocatoria para a creación polo Concello de Miño dunha SEGUNDA bolsa de emprego na categoría profesional de SOCORRISTA, coa finalidade de proceder, no seu caso, á contratación de persoal laboral temporal na citada categoría para cubrir as necesidades deste persoal na inminente tempada de verán 2025.

Outorgándose o prazo de cinco días hábiles para a presentación de instancias, contados a partir da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, e unha vez rematado e logo de ver as solicitudes presentadas, esta Alcaldía en uso das atribucións que lle confire o ordenamento xurídico, pola presente, resolve:

PRIMEIRO.- Aprobar as seguintes listaxes definitivas de aspirantes admitidos/as e excluídos/as:

ADMITIDOS/AS:

APELIDOS E NOME	D.N.I.
LOPEZ GARCIA IAGO	***7505**

EXCLUÍDOS/AS: Non hai.

SEGUNDO.- O tribunal cualificador do proceso selectivo será o seguinte:

- Presidenta: Dona María Pilar Souto Pan, funcionaria de administración local.
- Secretaria: Dona Berta Riveira Porto, funcionaria do Concello de Miño.
- Primeiro Vogal: Don Juan Carlos Faraldo Porta, funcionario do Concello de Miño.
- Segunda Vogal: Dona Paula Herraes Blanco, funcionaria do Concello de Miño.
- Terceira Vogal: Dona Mercedes García Fernández, persoal laboral fixo do Concello de Miño.

O Tribunal Cualificador a efectos da percepción de asistencias dos seus membros queda englobado na categoría terceira conforme á clasificación prevista no artigo 30.1 do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, quedando fixado en 2 o número de máximo de sesións a devengar (10 asistencias), sen prexuízo de que poidan ser ampliadas previa solicitude do Presidente do Tribunal en base a causas xustificadas.

TERCEIRO.- Convocar ao tribunal para súa constitución ás 11:30 horas do día 7 de xullo de 2025, na caseta de socorrismo da praia Grande de Miño.



CUARTO.- Convocar aos aspirantes ás 12:00 horas do día 7 de xullo de 2025, para realización das probas na caseta de socorrismo da praia Grande de Miño.

QUINTO.- Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios do concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica, e dar conta da presente resolución ao primeiro Pleno ordinario que se celebre.”

O que se fai público para xeral coñecemento, e faise saber que esta resolución é definitiva en vía administrativa e que contra a mesma poderase interpor os recursos que a continuación se citan:

a) O recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía, no prazo dun mes, ou o contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo correspondente, no prazo de dous meses, contados en ambos os casos dende o día seguinte á notificación da presente resolución.

b) Calquera outro que estime oportuno (Art. 194 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, do 28 de novembro de 1986 e 89 da Lei 30/1992, do 26 de novembro).

Miño, na data da sinatura electrónica.

O alcalde

Asdo./ Manuel Vázquez Faraldo